

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Acto de presentación do Grupo Literario Leiras Pulpeiro (GLLP)

Lugar: Refectorio do Museo Provincial de Lugo

Hora: 20:00

Data: Venres, 14 de marzo de 2014

Interveñen:

Julia María Labrador Ben e Fran Bouso, coordinadores do GLLP

Sabela Brand García, Verónica Folgueira Rouco, Inma Alonso Rodríguez, Nicolle García Flores, Alazne Lodeiro Penas e Ramón Villaverde Fernández (Alumnos/as) e M^a Juncal Martínez Modia e M^a Xosefa Senín Fernández, profesoras do IES Manuel Leiras Pulpeiro (Lugo).

Xe Freyre, Antonio Reigosa

Animación Musical: César Morán (voz e guitarra) para poemas de Leiras musicados por el mesmo, e Afonso Morán (contrabaixo).

No acto realizarase unha lectura pública de textos e proxectaranse un breve documental elaborado pola Fundación TIC e unha vídeo montaxe da autoría de Caxigueiro.

Manuel Leiras Pulpeiro: *Amou a verdade e practicou o ben*

Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo 1854-1912) foi médico, poeta, lexicógrafo e etnógrafo. De ideais galeguistas e anticlericais, formou parte do republicanismo federal. Foi unha persoa consecvente cos seus ideais

laicos ata o final dos seus días pois casou e foi soterrado polo civil, un escándalo no Mondoñedo levítico daqueles tempos.

Como poeta cultivou a poesía de denuncia social e patriótica, converténdose nunha das figuras do Rexurdimento a pesar de que só publicou en vida a obra *□Cantares Gallegos□*. Rexeitou formar parte como membro numerario da Real Academia Galega por considerar que non reunía os méritos necesarios.

Proba de que M. Leiras Pulpeiro foi, sobre todo, unha boa persoa é que era coñecido como o *□médico dos pobres□*; endexamais deixou de atender, e mesmo de auxiliar economicamente para mercar as medicinas, a quen precisase dos seus servizos. Non sorprende entón que na homenaxe que se lle rendeu en 1921, custeado por mindonienses residentes en Arxentina, se lembrase nun epitafio sobre a súa tumba que *□Amou a verdade e practicou o ben□*.

Grupo Literario Leiras Pulpeiro (GLLP)

O Grupo Literario *□Leiras Pulpeiro□* foise conformando en Mondoñedo ao longo do ano 2013. Sendo Mondoñedo a referencia espacial e afectiva, o colectivo está composto na actualidade por máis de 30 persoas de moi diferentes lugares e ocupacións. Profesores, escritores, artistas, estudosos e amantes da obra e do exemplo cívico de Manuel Leiras Pulpeiro, que pretenden aportar ideas e proxectos para que o prestixio herdado do pasado non se esvaeza e traballar para que o presente e o futuro de Mondoñedo e das súas xentes acrecente e consolide un ben patrimonial que, sendo local, tamén é universal.

